



D.

Como se chama este borde de placa? Onde se atopa?

De que tipo serán as rochas orixinadas no rift valley? As rochas situadas nas proximidades do rift valley serán, dende un punto de vista xeolóxico, novas ou antigas?. Razona a resposta.

A teoría da tectónica de placas dá unha explicación completa dos procesos xeolóxicos no noso planeta. Cales son os 4 principais puntos de dita teoría.

Indica 4 probas que confirman a teoría da tectónica de placas.

No océano Pacífico fíxose unha perforación nos puntos indicados no mapa. Os datos encontrados son os que aparecen na táboa.

Perforación	Grosor da capa de sedimentos	Idade dos basaltos
1	480 m	35 millóns de anos
2	400 m	20 millóns de anos
3	200 m	8 millóns de anos
4	0 m	0 millóns de anos



a) Pode haber algún bordo de placa por algún destes puntos?. Cal?. Xustifica a resposta.

b) Como pode explicarse esa variación na espesura dos sedimentos?.

c) Como podes explicar a idade dos basaltos do fondo oceánico?

d) Se fixésemos unha perforación no punto A do mapa, que espesor de sedimentos e idade nos basaltos esperaríamos atopar?

e) Onde se atopan as rochas máis antigas nos continentes ou nos océanos?. Por que?